
INFORME DE VALORACIÓN
CORRESPONDENTE AOS Criterios que
dependen dun xuízo de valor do
PROCEDIMENTO PARA A CONTRATACIÓN DO
SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, MANTEMENTO
E SOPORTE DUN SOFTWARE DE XESTIÓN DE
NÓMINA E RECURSOS HUMANOS A TRAVÉS
DUNHA PLATAFORMA TECNOLÓXICA CLOUD
(OU NUBE) PARA O CONCELLO DE MOAÑA
Número de expediente 1457/2024



CONTENIDO

1	INTRODUCCIÓN	4
2	NOTAS SOBRE O CÁLCULO DE PUNTUACIÓNS	6
3	DETALLE PORMENORIZADO	7
3.1	Calidade da proposta técnica (ata 30 Puntos)	7
3.1.1	Descrición das especificacións funcionais e técnicas (ata 15 Puntos)	7
3.1.1.1	Detalle evolutivo da solución previsto para a administración local (ata 6 Puntos)	7
3.1.1.2	Accesibilidade ao entorno de traballo mediante HTML5 (ata 4 Puntos).....	8
3.1.1.3	Experiencia en migración de datos da solución GINPIX7 (ata 3 Puntos).....	8
3.1.1.4	Máis de 150 administración locais co enlace contable Sicalwin de Aytos (ata 2 Puntos)	9
3.1.2	Ciclo de nómina (ata 8 Puntos)	9
3.1.2.1	Control das subvencións (ata 4 Puntos)	9
3.1.2.2	Capacidade de establecer ligazón coas contabilidades Sical de administración local (ata 4 Puntos)	10
3.1.3	Informes e consultas (ata 5 Puntos).....	10
3.1.3.1	Valoración de informes estándar xustificativos do Corpo de Nómina (ata 3 Puntos).....	10
3.1.3.2	Novos campos e valores poden ser incluídos e consultados a través de informes (ata 2 Puntos)	11
3.1.4	Cadro de mando de RRHH (ata 2 Puntos)	11
3.1.4.1	Indicadores específicos de Administración Pública (ata 1 Punto)	11
3.1.4.2	Tecnoloxía de base de QlikView (ata 1 Punto)	12
3.1.5	Plan de execución do proxecto (ata 10 Puntos)	12
3.1.5.1	Metodoloxía utilizada Métrica 3 (ata 4 Puntos)	12
3.1.5.2	Utilización de ferramentas colaborativas de software (ata 4 Puntos)	13



3.1.5.3	Experiencia achegada do equipo de traballo (ata 2 Puntos)	13
3.1.6	Formación (ata 2,5 Puntos)	14
3.1.6.1	Plataforma en liña de subscrición gratuíta (ata 1 Punto)	14
3.1.6.2	Programas de formación online (ata 1 Punto)	14
3.1.6.3	Calendario anual de accións formativas (ata 0,5 Puntos).....	15
3.1.7	Soporte a usuarios (ata 2,5 Puntos).....	15
3.1.7.1	Trazabilidade do soporte mediante portal Web (ata 1 Punto)	15
3.1.7.2	Realización de enquisas periódicas (ata 1 Punto)	16
3.1.7.3	Valoración de soporte de consultas ilimitado para usuario (ata 0,5 Puntos)	16
4	EXCLUSIÓNS	17
5	RESUMEN DE PUNTUACIÓNS	18
6	CONCLUSIÓNS	20



1 INTRODUCCIÓN

O presente informe, elaborado polo servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra, se leva a cabo trala solicitude de colaboración realizada polo Concello de Moaña ao Servizo de Asistencia Intermunicipal (SAIM) na data **13 de xuño de 2024**.

Mediante esta petición de colaboración o concello de Moaña solicitou á Deputación de Pontevedra asistencia xurídica e técnica para a resolución de dúbidas que poidan xurdir do PPT facilitado e para levar a cabo a valoración do SOBRE B, a cal motiva o presente informe, que corresponde ao procedemento de adxudicación do **CONTRATO DE IMPLANTACIÓN, MANTEMENTO E SOPORTE DUN SOFTWARE DE XESTIÓN DE NÓMINA E RECURSOS HUMANOS A TRAVÉS DUNHA PLATAFORMA TECNOLÓXICA CLOUD (OU NUBE) PARA O CONCELLO DE MOAÑA**, con Número de Expediente: **1736/2024**.

O obxecto deste informe é valorar os distintos criterios non avaliábeis mediante fórmulas das propostas que os licitadores presentaron co fin de optar o contrato.

O contrato comprende as tarefas relacionadas cos servizos de implantación, mantemento e soporte dun novo software para a xestión de nómina e RRHH sendo este servizo provisto en modo CLOUD por un provedor externo segundo os requirimentos recollidos no Prego de Prescricións Técnicas, en diante PPT. A definición das características técnicas obxecto do contrato se describen no Prego de Cláusulas Económico-Administrativas Particulares, en diante PCA.

O PCA expón unha serie de criterios avaliábeis baseados en xuízos de valor, detallados no apartado “12.1 CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR”. Nas seguintes seccións calcúlanse as puntuacións obtidas polas ofertas técnicas achegadas polos distintos licitadores.



A empresa licitadora que se presentou ao procedemento obxecto do presente informe técnico foi a seguinte:

- **Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada, S.L.** - En diante, **SAVIA.**



2 NOTAS SOBRE O CÁLCULO DE PUNTUACIÓNS

Nas seguintes seccións se calculan as puntuacións obtidas polas propostas achegadas polos licitadores atendendo ao reflectido no PCA no apartado dedicado a avaliación dos criterios avaliados mediante xuízos de valor.

Realizouse a división de **corenta e cinco (45) puntos** obxecto do cálculo da oferta entre os distintos criterios, tomando como referencia o reparto de puntos indicada no PCA para cada apartado.



3 DETALLE PORMENORIZADO

A continuación, preséntanse de modo detallado as puntuacións acadadas na oferta presentada pola empresa licitadora atendendo a cada un dos criterios especificados no PCA.

3.1 Calidade da proposta técnica (ata 30 Puntos)

3.1.1 Descrición das especificacións funcionais e técnicas (ata 15 Puntos)

3.1.1.1 Detalle evolutivo da solución previsto para a administración local (ata 6 Puntos)

O licitador SAVIA propón na súa oferta a utilización da ferramenta denominada Ginpix7 para dar resposta aos distintos requisitos que se expoñen no prego técnico. Este licitador indica na súa oferta que se levará a cabo un mantemento evolutivo e correctivo acordo a lexislación vixente para as funcionalidades do software proposto para a solución e relacionadas coa nómina e a xestión dos RRHH. No apartado 3.1 da súa oferta o licitador aporta o detalle evolutivo estratéxico previsto para a súa solución de cara os vindeiros anos.

Avaliamos como suficiente a proposta indicada polo licitador para o tipo de mantemento evolutivo requirido para a solución.

Os puntos obtidos polo licitador neste apartado son os reflexados na seguinte táboa:

CRITERIO	Máximo	SAVIA
Detalle evolutivo da solución previsto para a administración local	6,00	5,00



3.1.1.2 Accesibilidade ao entorno de traballo mediante HTML5 (ata 4 Puntos)

O licitador SAVIA concreta na súa oferta que a accesibilidade ao sistema Ginpix7 se fará mediante o entorno de traballo Web colaborativo Savia Cloud HTML5 para os usuarios da área de Persoal do Concello.

Avaliamos positivamente esta arquitectura entendendo que se da resposta ao requisito de uso de HTML5 na contorna da solución.

Os puntos obtidos polo licitador neste apartado son os reflexados na seguinte táboa:

CRITERIO	Máximo	SAVIA
Accesibilidade ao entorno de traballo mediante HTML5	4,00	3,00

3.1.1.3 Experiencia en migración de datos da solución GINPIX7 (ata 3 Puntos)

O licitador SAVIA indica na súa oferta un plan de migración para os datos no que se contempla a utilización de perfiles con experiencia en este tipo de traballos. De igual maneira este licitador achega unha relación na que se presentan as referencias das distintas AAPP nas que se despregou a solución coa súa correspondente adecuación ou migración dos datos.

Avaliamos como suficiente a experiencia achegada polo licitador na súa oferta no referido a migración de datos a solución ofertada.

Os puntos obtidos polo licitador neste apartado son os reflexados na seguinte táboa:

CRITERIO	Máximo	SAVIA
Experiencia en migracións de datos da solución GINPIX7	3,00	2,00



3.1.1.4 **Máis de 150 administración locais co enlace contable Sicalwin de Aytos (ata 2 Puntos)**

O licitador SAVIA indica na súa oferta dispoñer de 167 clientes con enlace contable Sicalwin de Aytos integrados dende GINPIX7. O licitador indica que pode, mediante requirimento previo, xustificar este volume de clientes.

Avaliamos como suficiente a oferta presentada polo licitador no referido a este número de integracións co enlace contable de Sicalwin.

Os puntos obtidos polo licitador neste apartado son os reflexados na seguinte táboa:

CRITERIO	Máximo	SAVIA
Máis de 150 administracións locais co enlace contable de Sicalwin de Aytos	2,00	2,00

3.1.2 **Ciclo de nómina (ata 8 Puntos)**

3.1.2.1 **Control das subvencións (ata 4 Puntos)**

O licitador SAVIA indica na súa oferta a capacidade dispoñible na ferramenta ofertada no referido a asignación de empregados a proxectos permitindo a imputación de gastos de forma directa a subvencións recibidas. O licitador expresa tamén a capacidade da ferramenta para facer a distribución dos custes dos empregados.

Avaliamos de forma positiva a oferta achegada polo licitador por dar unha resposta concreta e completa aos apartados requiridos en este punto.

Os puntos obtidos polo licitador neste apartado son os reflexados na seguinte táboa:

CRITERIO	Máximo	SAVIA
Control das subvencións	4,00	4,00



3.1.2.2 Capacidade de establecer ligazón coas contabilidades Sical de administración local (ata 4 Puntos)

O licitador indica na súa oferta a capacidade de establecer ligazón entre o produto ofertado GINPIX7 con Sicalwin de Aytos.

Avaliamos como suficiente a posibilidade de ligazón que se require.

Os puntos obtidos polo licitador neste apartado son os reflexados na seguinte táboa:

CRITERIO	Máximo	SAVIA
Capacidade de establecer ligazón coas contabilidades Sica da administración local	4,00	4,00

3.1.3 Informes e consultas (ata 5 Puntos)

3.1.3.1 Valoración de informes estándar xustificativos do Corpo de Nómina (ata 3 Puntos)

O licitador indica na súa oferta a disposición dunha ferramenta (Easy Quey) para xerar consultas e informes xustificativos de definición libre, podendo exportar os datos para a súa explotación en diversos formatos.

Avaliamos a solución proposta como suficiente e axeitada ao requirido para o contrato

Os puntos obtidos polo licitador neste apartado son os reflexados na seguinte táboa:

CRITERIO	Máximo	SAVIA
Valoración de informes estándar xustificativos do Corpo de Nómina	3,00	3,00



3.1.3.2 **Novos campos e valores poden ser incluídos e consultados a través de informes (ata 2 Puntos)**

O licitador SAVIA indica na súa oferta que en Gipix7 e posible engadir novos campos e valores definidos na xestión da ficha dos datos persoais como na ficha dos datos laborais. Estes novos campos poderán ser ademais consultados a través do xerador de Informes Easy Query.

avaliámos polo tanto como positivo a suficientemente cuberto este requisito.

Os puntos obtidos polo licitador neste apartado son os reflexados na seguinte táboa:

CRITERIO	Máximo	SAVIA
Novos campos e valores poden ser incluídos e consultados a través de informes	2,00	2,00

3.1.4 **Cadro de mando de RRHH (ata 2 Puntos)**

3.1.4.1 **Indicadores específicos de Administración Pública (ata 1 Punto)**

O licitador indica na súa oferta que a solución ofertada inclúe a ferramenta Optics para poder levar a cabo a confección de cadros de mando. Esta ferramenta se atopa completamente integrada cos módulos e funcionalidades do resto do sistema GIMPIX7 e forma parte das funcionalidades destinadas ao uso/xestión por parte dos empregados do concello.

Avaliamos de forma positiva a ferramenta proposta para levar a cabo as funcionalidades de cadro de mando entendendo que estas son suficientes para o contrato requirido.

Os puntos obtidos polo licitador neste apartado son os reflexados na seguinte táboa:



CRITERIO	Máximo	SAVIA
Indicadores específicos de Administración Pública	1,00	1,00

3.1.4.2 Tecnoloxía de base de QlikView (ata 1 Punto)

O licitador SAVIA concreta na súa oferta que a solución Optics ofertada para levar a cabo a confección do cadro de mando de RRHH está realizada en base a tecnoloxía QlikView.

Avaliamos de forma positiva o uso desta tecnoloxía na solución ofertada polo licitador.

Os puntos obtidos polo licitador neste apartado son os reflexados na seguinte táboa:

CRITERIO	Máximo	SAVIA
Tecnoloxía de base de QlikView	1,00	1,00

3.1.5 Plan de execución do proxecto (ata 10 Puntos)

3.1.5.1 Metodoloxía utilizada Métrica 3 (ata 4 Puntos)

O licitador SAVIA indica na súa oferta que para o desenvolvemento do proxecto se utilizará a metodoloxía MÉTRICA 3 definida pola Subdirección Xeral de Coordinación Informática do Ministerio para as AAPP.

Valoramos positivamente e damos o requisito a valorar como suficiente.

Os puntos obtidos polo licitador neste apartado son os reflexados na seguinte táboa:

CRITERIO	Máximo	SAVIA
Metodoloxía utilizada métrica 3	4,00	4,00



3.1.5.2 Utilización de ferramentas colaborativas de software (ata 4 Puntos)

O licitador concreta na súa oferta a utilización da ferramenta Wrike como entorno de traballo web colaborativo e compartido cos usuarios da área de persoal do concello durante o período de implantación da solución.

Avaliamos como axeitada e suficiente o uso desta ferramenta por parte do licitador.

Os puntos obtidos polo licitador neste apartado son os reflexados na seguinte táboa:

CRITERIO	Máximo	SAVIA
Utilización de ferramentas colaborativas de software	4,00	4,00

3.1.5.3 Experiencia achegada do equipo de traballo (ata 2 Puntos)

O licitador detalla na súa oferta a composición do equipo de traballo posto a disposición do contrato. O licitador identifica as distintas persoas que ocuparán cada un dos perfís do equipo de traballo e adxunta as experiencias curriculares individuais dos mesmos.

Avaliamos as experiencias determinadas para cada un dos integrantes do equipo de traballo como suficientes e axeitadas ao contrato.

Os puntos obtidos polo licitador neste apartado son os reflexados na seguinte táboa:

CRITERIO	Máximo	SAVIA
Experiencia achegada do equipo de traballo	2,00	2,00



3.1.6 Formación (ata 2,5 Puntos)

3.1.6.1 Plataforma en liña de subscrición gratuíta (ata 1 Punto)

O licitador concreta na súa oferta a plataforma que será empregada para levar a cabo as distintas accións formativas que se contemplan para o contrato. O licitador indica que todas as funcionalidades do proxecto inclúen manual de usuario e axuda online dentro do propio sistema (o entorno Web de traballo HTML5 de GINPIX7).

Avaliase de forma positiva que a propia ferramenta ofertada dispoña de módulos para levar a cabo accións formativas mediante o uso do entorno Web.

Os puntos obtidos polo licitador neste apartado son os reflexados na seguinte táboa:

CRITERIO	Máximo	SAVIA
Plataforma en liña de subscrición gratuíta	1,00	1,00

3.1.6.2 Programas de formación online (ata 1 Punto)

O licitador indica na súa oferta que SAVIA dispón para os usuarios de GINPIX7 mediante Savia Academy un curso específico para levar a cabo a extracción anual dos datos do informe ISPA.

Avaliamos a opción achegada polo licitador como suficiente para o contrato requirido.

Os puntos obtidos polo licitador neste apartado son os reflexados na seguinte táboa:

CRITERIO	Máximo	SAVIA
Programas de formación online	1,00	1,00



3.1.6.3 Calendario anual de accións formativas (ata 0,5 Puntos)

Na súa oferta o licitador SAVIA expón un calendario con distintas variedades de actividades formativas (presenciais e remotas) que van dirixidas as principais funcionalidades ou módulos que forman parte da solución ofertada.

Se avalía como axeitado e suficiente o calendario de accións formativas achegado na oferta do licitador.

Os puntos obtidos polo licitador neste apartado son os reflexados na seguinte táboa:

CRITERIO	Máximo	SAVIA
Calendario anual de accións formativas	0,50	0,50

3.1.7 Soporte a usuarios (ata 2,5 Puntos)

3.1.7.1 Trazabilidade do soporte mediante portal Web (ata 1 Punto)

O licitador SAVIA concreta na súa oferta a utilización dunha plataforma web de trazabilidade para os usuarios, en concreto se propón utilizar a ferramenta JIRA.

Avaliamos como axeitada e suficiente a ferramenta proposta polo licitador para xestionar esta trazabilidade.

Os puntos obtidos polo licitador neste apartado son os reflexados na seguinte táboa:

CRITERIO	Máximo	SAVIA
Trazabilidade do soporte mediante portal Web	1,00	1,00



3.1.7.2 Realización de enquisas periódicas (ata 1 Punto)

O licitador SAVIA na súa oferta indica que a propia ferramenta GINPIX7 dispoñen de soporte mediante CSC (Centro de Satisfacción do Cliente) para os usuarios certificados sen ningún tipo de limitación no número de horas anuais de soporte, nin tampouco limitación do número de incidencias ou consultas abertas no ano.

Avaliase de forma positiva e suficiente a dispoñibilidade desta ferramenta para levar a cabo a realización de enquisas periódicas de satisfacción.

Os puntos obtidos polo licitador neste apartado son os reflexados na seguinte táboa:

CRITERIO	Máximo	SAVIA
Realización de enquisas periódicas	1,00	1,00

3.1.7.3 Valoración de soporte de consultas ilimitado para usuario (ata 0,5 Puntos)

Tal como así se indicou no apartado interior, o sistema de consultas de satisfacción para o usuario non dispón de limitacións.

Avaliamos por tanto de forma positiva esta característica da solución ofertada.

Os puntos obtidos polo licitador neste apartado son os reflexados na seguinte táboa:

CRITERIO	Máximo	SAVIA
Valoración de soporte para consultas ilimitado para usuarios	0,50	0,50



4 EXCLUSIÓNS

Non se atopa ningún criterio que motive a exclusión da oferta presentada polo licitador.



5 RESUMEN DE PUNTUACIÓNS

Tras a aplicación das distintas puntuacións a oferta da empresa licitadora, inclúese a continuación a táboa que reflicte o total obtido da suma dos apartados de valoración expostos ao longo do presente documento.

CRITERIO	Máximo	SAVIA
CALIDADE DA PROPOSTA TÉCNICA	<u>30,00</u>	<u>27,00</u>
Descrición das especificacións funcionais e técnicas	<u>15,00</u>	<u>12,00</u>
Detalle evolutivo da solución previsto para a administración local	6,00	5,00
Accesibilidade ao entorno de traballo mediante HTML5	4,00	3,00
Experiencia en migracións de datos da solución GINPIX7	3,00	2,00
Máis de 150 administracións locais co enlace contable de Sicalwin de Aytos	2,00	2,00
Ciclo de Nómina	<u>8,00</u>	<u>8,00</u>
Control das subvencións	4,00	4,00
Capacidade de establecer ligazón coas contabilidades Sica da administración local	4,00	4,00
Informes y Consultas	<u>5,00</u>	<u>5,00</u>
Valoración de informes estándar xustificativos do Corpo de Nómina	3,00	3,00
Novos campos e valores poden ser incluídos e consultados a través de informes	2,00	2,00
Cadro de mando de RRHH	<u>2,00</u>	<u>2,00</u>
Indicadores específicos de Administración Pública	1,00	1,00
Tecnoloxía de base de QlikView	1,00	1,00
PLAN DE EXECUCIÓN DE PROXECTO	<u>10,00</u>	<u>10,00</u>
Tecnoloxía de base de QlikView	4,00	4,00
Utilización de ferramentas colaborativas de software	4,00	4,00
Experiencia achegada do equipo de traballo	2,00	2,00
FORMACION	<u>2,50</u>	<u>2,50</u>
Plataforma en liña de subscripción gratuíta	1,00	1,00
Programas de formación online	1,00	1,00
Calendario anual de accións formativas	0,50	0,50
SOPORTE A USUARIOS	<u>2,50</u>	<u>2,50</u>
Trazabilidade do soporte mediante portal Web	1,00	1,00
Realización de enquisas periódicas	1,00	1,00



Valoración de soporte para consultas ilimitado para usuarios	0,50	0,50
TOTALES	45,00	42,00



6 CONCLUSIÓNS

Da análise realizada sobre a totalidade da documentación achegada polo licitador na súa oferta orixinal, conclúese que o licitador **SAVIA** obtén a puntuación total de **42,00 puntos**.

